

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

6791 Orde HAP/1177/2015, do 17 de xuño, pola que se regula o Rexistro de Vehículos do Sector Público Estatal.

A disposición adicional décima da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, crea o Rexistro de Vehículos do Sector Público Estatal co obxecto de agrupar e unificar nun só arquivo todos os vehículos pertencentes ao dito sector, o que permitirá racionalizar a súa xestión e control.

Conforme o establecido na dita disposición, estarán incluídos no Rexistro todos os vehículos da Administración xeral do Estado e dos organismos e entidades que integran o sector público estatal, definido no artigo 2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e quedarán excluídos os vehículos das Forzas Armadas e os das forzas e corpos de seguridade do Estado, sempre que se trate de vehículos adscritos ao exercicio de funcións propias e específicas das ditas forzas ou corpos.

A xestión do Rexistro atribúese ao organismo autónomo Parque Móbil do Estado, e fíxase un prazo de seis meses a partir da aprobación da presente orde para que os responsables da xestión ou administración dos vehículos actualmente existentes soliciten a súa inscrición no Rexistro.

Ademais dos anteriores vehículos, o Rexistro recollerá as novas adquisicións que se realicen por compra, *renting*, *leasing* ou calquera outro negocio xurídico asimilado. Para iso, establécese que estas adquisicións deberán ser autorizadas, con carácter previo, pola Dirección Xeral do Parque Móbil do Estado, que, para estes efectos, exercerá funcións de homologación de servizos en canto á determinación dos modelos, características e tipos de vehículos, o que contribuirá eficazmente a conseguir a necesaria homoxeneidade entre os modelos que integran as diferentes frota existentes.

Por outra parte, no artigo 7 desta orde desenvólvese a Comisión de Adquisición e Inventario de Vehículos e Homologación de Servizos, creada polo artigo 20 do Real decreto 146/1999, do 29 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica básica e as funcións, e transfórmase o organismo autónomo Parque Móbil Ministerial en Parque Móbil do Estado, na súa redacción dada polo Real decreto 1527/2012, do 8 de novembro, de reforma do real decreto anterior.

Así mesmo, no ámbito dos servizos de automobilismo que presta o Parque Móbil do Estado, ás veces dáse a circunstancia de que algún alto cargo ou autoridade incluído no ámbito de aplicación dos ditos servizos xa dispón del ao terllo asignado, por razóns de seguridade ou de índole institucional, outro organismo; nestes casos é aconsellable que o Parque Móbil do Estado non preste ou suspenda o servizo que lle tería correspondido prestar, previsión que se recolle na disposición adicional primeira desta orde.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular o Rexistro de Vehículos do Sector Público Estatal creado pola disposición adicional décima da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, coa finalidade de agrupar e unificar nun só arquivo todos os vehículos pertencentes ao dito sector.

Artigo 2. *Vehículos incluídos.*

Estarán incluídos no Rexistro todos os vehículos da Administración xeral do Estado e dos organismos e entidades que integran o sector público estatal, definido no artigo 2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 3. *Vehículos excluídos.*

Quedan excluídos os vehículos das Forzas Armadas e os das forzas e corpos de seguridade do Estado, sempre que se trate de vehículos adscritos ao exercicio de funcións propias e específicas das ditas forzas ou corpos.

Para estes efectos, considerarase que non están adscritos ao exercicio de funcións propias e específicas das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado os seguintes vehículos:

- a) Os vehículos que se adquiran para prestar os servizos de representación enumerados no artigo 5 do Real decreto 146/1999, do 29 de xaneiro, e que non sexan prestados con vehículos propios do Parque Móbil do Estado.
- b) Os vehículos que se adquiran para dar servizo a persoal das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado, que presten servizos civís na Administración xeral do Estado.
- c) Os vehículos destinados a prestar servizos de mobilidade non directamente relacionados coas funcións operativas propias e específicas das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Artigo 4. *Xestión, ordenación e funcionamento do Rexistro.*

1. A xestión do Rexistro corresponde ao organismo autónomo Parque Móbil do Estado.

2. O Rexistro terá carácter electrónico. O Parque Móbil do Estado desenvolverá unha aplicación da cal serán usuarios os órganos do sector público estatal afectados pola disposición adicional décima da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa. A aplicación terá as seguintes funcións:

- a) Facilitaralles aos xestores dos órganos citados no punto anterior o acceso á información relativa ao Rexistro de Vehículos.
- b) Canalizará todas as solicitudes, comunicacións e anotacións entre os órganos do sector público estatal, o Rexistro de Vehículos e a Comisión de Adquisición e Inventario de Vehículos e Homologación de Servizos.
- c) Estará despregada e será accesible desde a rede SARA, que conecta as administracións públicas españolas conforme o Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.
- d) Publicarase como servizo na sede electrónica central do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

3. O Rexistro disporá dos medios organizativos e técnicos adecuados para garantir a súa interoperabilidade e seguridade de acordo co previsto na normativa vixente.

Artigo 5. *Adquisición de vehículos.*

1. A adquisición por compra, *renting*, *leasing* ou calquera outro negocio xurídico asimilado realizado polos suxeitos a que se refire o artigo 2 da presente orde deberá ser autorizada, con carácter previo, pola Dirección Xeral do Parque Móbil do Estado. Mediante esta autorización, a citada dirección xeral verificará que os modelos, as características e os tipos de vehículos adquiridos se axustan aos tipos, subtipos e, de ser o caso, clases, establecidos nos acordos marco ou contratos centralizados vixentes tramitados pola

Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. A autorización previa do Parque Móbil do Estado será requisito indispensable para a adquisición dos vehículos. As adquisicións deberanse realizar a través da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación. Para iso será necesario incorporar ao expediente a autorización do Parque Móbil do Estado.

3. As solicitudes de excepción de adquisicións de vehículos á marxe dos contratos centralizados vixentes, incluíndo as solicitudes de *renting* e *leasing*, deberanse presentar coa autorización previa do Parque Móbil do Estado a que se refire esta orde, para a súa tramitación pola Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación que, en todo caso, deberá emitir informe favorable sobre elas para poderse levar a efecto a dita contratación á marxe do sistema estatal de contratación centralizada, de conformidade co determinado no artigo 5 da Orde EHA/1049/2008, do 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada.

4. Os vehículos así adquiridos deberanse inscribir no Rexistro no prazo de quince días seguintes ao da data de adquisición e consideraranse como tal a da súa recepción formal.

Artigo 6. *Baixas e modificacións.*

Co fin de manter permanentemente actualizado o Rexistro, as baixas ou modificacións de uso ou destino deberanse comunicar no prazo de quince días desde que se produza o feito causante.

Artigo 7. *Comisión de Adquisición e Inventario de Vehículos e Homologación de Servizos.*

1. A Comisión de Adquisición e Inventario de Vehículos e Homologación de Servizos do Parque Móbil do Estado, creada polo artigo 20 do Real decreto 146/1999, do 29 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica básica e funcións, e se transforma o organismo autónomo Parque Móbil Ministerial en Parque Móbil do Estado, na súa redacción dada polo Real decreto 1527/2012, do 8 de novembro, de reforma do real decreto anterior, terá as seguintes funcións:

a) Asistir a dirección xeral do organismo na toma de decisións sobre a adquisición dos vehículos con que se deberán prestar os servizos establecidos no artigo 5 do Real decreto 146/1999, do 29 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica básica e funcións, e se transforma o organismo autónomo Parque Móbil Ministerial en Parque Móbil do Estado.

b) Realizar os estudos de programación de adquisicións dos vehículos do Parque Móbil do Estado.

c) Ordenar e verificar o recuento físico e as situacións xurídicas dos vehículos do organismo.

d) Proporlle á dirección xeral aqueles vehículos do organismo que pola súa antigüidade, estado de conservación ou calquera outra circunstancia deban ser dados de baixa.

e) Propor cantas actuacións de mellora se consideren oportunas para a correcta contabilización e xestión dos vehículos do Parque Móbil do Estado.

f) Asesorar a dirección xeral sobre a determinación dos modelos, das características e dos tipos de vehículos que poidan corresponder aos diferentes servizos, así como sobre calquera outra cuestión relacionada coa xestión, coa ordenación e co funcionamento do Rexistro de Vehículos do Sector Público Estatal creado pola disposición adicional décima da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

g) Emitir informe sobre as solicitudes de autorización previa á adquisición dos vehículos que se formulen conforme o disposto no artigo 5 da presente orde.

h) Propor cantas medidas e actuacións se consideren necesarias en relación coa xestión, coa ordenación e co funcionamento do Rexistro de Vehículos do Sector Público Estatal.

2. A Comisión estará presidida polo titular da Subdirección Xeral de Xestión e formarán parte como vogais os titulares da Secretaría Xeral, da Subdirección Xeral de Réxime Económico e da Subdirección Xeral de Recursos Humanos, así como un xefe de servizo da Subdirección Xeral de Xestión. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un xefe de servizo da Secretaría Xeral.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído polo titular da Subdirección Xeral de Réxime Económico. Os vogais e o secretario serán substituídos por quen designe a dirección xeral do organismo.

Disposición adicional primeira. *Duplicidade de servizos.*

Cando, por razóns de seguridade ou de índole institucional, algún usuario ou autoridade incluído no ámbito de aplicación dos servizos de automobilismo que presta o Parque Móbil do Estado xa dispoña do dito servizo por terllo asignado outro organismo ou institución, o Parque Móbil do Estado non prestará ou suspenderá o servizo que noutro caso lle tería correspondido prestar.

Disposición adicional segunda. *Medios persoais e materiais.*

As actuacións previstas na presente orde levaranse a cabo cos medios persoais e materiais dispoñibles no organismo, sen incremento de gasto.

Disposición transitoria única. *Inscripción de vehículos que no momento da entrada en vigor desta orde integren as frotas dos organismos ou entidades do sector público estatal.*

Os responsables da xestión ou administración dos vehículos que sexan inscribibles conforme o disposto no artigo 2 anterior deberán solicitar a súa inscrición no Rexistro no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da presente orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde e, en particular, o ordinal cuarto da Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 30 de xuño de 1999, de desenvolvemento do Real decreto 146/1999, do 29 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica básica e funcións e se transforma o organismo autónomo Parque Móbil Ministerial en Parque Móbil do Estado, no cal se regula a Comisión de Adquisición de Vehículos e Homologación de Servizos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral do Parque Móbil do Estado para ditar as instrucións necesarias para a execución e o desenvolvemento do disposto na presente orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de xuño de 2015.–O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.